



## ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 13 DE DECEMBRO DE 2024

### **Asistentes:**

#### **Presidente**

Prada Rodríguez, Julio

#### **Vicedecanos**

Arribas Álvarez, M<sup>a</sup> Carmen

Presedo Garazo, Antonio

#### **Secretario**

Rodríguez Teijeiro, Domingo

#### **PDI**

Barriocanal López, Yolanda

López Díaz, María

Pérez Losada, Fermín

Reboreda Morillo, Susana

Uña Álvarez, Elena de

#### **PDI contratado**

Campos Álvarez, Xosé Ramón

#### **Estudantado 3º Ciclo**

Lozano Ramírez, Amado

Tierra

#### **PTXAS**

Castro Vázquez, M<sup>a</sup> Carmen

A reunión realizarase de xeito virtual por correo electrónico, coa participación dos membros que se citan á marxe o venres 13 de decembro ás 10,00 h en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 29 de novembro de 2024.

2. Aprobación, se procede, da Declaración de interese para a Modificación non substancial do título de Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio Cultural para a súa implantación no curso 2025/2026, xa validada en Comisión de Calidade.

3. Aprobación, se procede, da composición das diferentes comisións do Centro como resultado das pasadas eleccións a representantes na Xunta de Centro polo sector de PDI-B, Estudantado e PTXAS.

4. Aprobación, se procede, da modificación da hora de celebración do exame de Metodoloxía da historia da convocatoria de xullo (en lugar das 12:00h será ás 16:00h.)

A xuntanza realizase de xeito virtual por medio de correo electrónico dirixido a sfho@uvigo.es de acordo co seguinte procedemento:

Os membros da Xunta de Facultade dispoñen dun máximo de dúas horas (entre as 10:00 e as 12:00 horas do día 13 de decembro de 2024) para pronunciarse sobre os tres puntos da orde do día.

a) Se o voto é favorable á proposta contida na orde do día, bastará con que se faga constar esta circunstancia no correo electrónico dunha forma clara (p. e. "voto FAVORABLEMENTE a totalidade das proposta contidas na orde do día").

b) Se o voto é desfavorable (ou hai votos en branco), deberase concretar con precisión o sentido do voto con relación a cada un dos apartados.



c) O voto só pode ser favorable, desfavorable ou en branco. Tralo peche do período para a votación se informará aos membros da Xunta de Facultade se se alcanzou o quórum preciso e do resultado das votacións. Se non se alcanzase quórum, informarase igualmente de tal circunstancia aos membros da Comisión, así como da ineficacia de todo o actuado.

Rematado o prazo de votación da Xunta de Facultade, emitiron o seu voto 12 membros da citada Xunta e todos os votos foron favorables ás propostas recollidas nos puntos da orde do día.

Remata a sesión ás 12,00 h do día 13 de decembro de 2024, da que eu como secretario dou fe co visto e praxe do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro